




O LIBRO DOS



CFR O BARCO
2021

COMO HOXE TEMOS UN NOVO
ALUMNO, CHAMADO
CASUALMENTE COMA O AUTOR
DOS NOSOS CONTOS,
COMEZAREMOS POR LLE MOSTRAR
O TRABALLO FEITO

Os trasnos de Xaquín



...e os de Merche



Os perouxinos de Carmen



E os de Nuria



A tartaruga de Manuela





A de Víctor



E a de Merche



A serpenta de Marta



E a de Merche




E PARA REMATAR:

Temos o propósito de confeccionar un catálogo de ilustracións do *Libro dos Moradores*. Xa fornecemos moitas primeiras ideas, pero agora damos un paso máis. Iremos poñer condicións restritivas, como se da COVID se tratase.

- Elixir un **NOVO TEXTO**. Se é o caso podemos traballalo na aula.
- Buscar **INFORMACIÓN GRÁFICA** sobre os elementos que queremos subliñar.

- Proponer **TRES COMPOSICIONES**. Un pequeño esquema a lapis servirá.
- Decidir a **VERSIÓN DEFINITIVA** eliminando los elementos no imprescindibles.
- Confeccionarla a base de **RECORTES** de papeis, teas, fíos...
- **NON USAR CORES REAIS**. Están prohibidos o ceo azul e o bosque verde.

A COMPOÑER!!




1

ARTURO DE CARAÑO

Esta historia, da tradición oral nosa, deriva doutra que se pode ler no Libro dos Antigos Moradores e que trata dun gran arqueiro que, despois de perder tódalas súas frechas en tiros desafortunados e un tanto que estúpidos e indignos da alta reputación que gozaba, bate co cervo e non se lle ocorre máis ca dispararlle unha ben pouco mortífera frecha que improvisa cortando e afiando co seu coitelo unha vara de salgueiro. Ben sabido é por cantiga popular que “salgueiro prende de póla”. Fala despois o Manuscrito do reencontro, xa na seguinte primavera, do cazador e o cervo, e este loce na cruz un salgueiro florido, que é unha das máis gloriosas aparicións vexetais que poden ve-los nosos ollos.

CERVOS MODERNOS

Non podemos esquecer que temos a Bambi, pero non é o tipo de veado autóctono que precisamos.



... E MEDIEVAIS



TAMÉN UNICORNIOS!



SALGUEIROS...

Ilustración botánica ou paseo polo monte?



Knack-Weide, *Salix fragilis*.

... E BOSQUES DE CONTO



A. Un monte desgraciado.



The strangest house any one ever lived in



Carmen comeza por usar modelos realistas



Usa follas secas e cartón rizado para destacar a silueta.



E remata co verde das follas e iluminando de lado para conseguir volume. Vedes como non fai falta ser debuxante? Está moi ben composto, recolle os elementos esenciais do conto... e suxire un misterio misterioso!!!



O cervo do conto
de Arturo de
Caraño aparecerá
de novo noutra
imaxe. E é que os
moradores non
teñen fronteiras.
Prestade atención!

2


AS FADAS

Hai uns seres especialmente máxicos nos que predomina o sexo feminino, e que se chaman fadas. Son de varias formas e tamaños, sempre fermosísimas. O seu aspecto máis común é o dunha doncela cristalina de puro translúcida, con fermosos cabelos verdes e unhas ás irisadas que cando está en repouso lle serven de vestido. O tamaño destas formas oscila entre dúas e tres cuartas, e espertan paixóns tumultuosas nos que as ven, xeralmente preadolescentes que non desexan medrar máis. Son lúbricas pero inocentes.

Viven debaixo da terra, pero en enormes covas con bóvedas luminosas que fan un perpetuo día nas súas cidades. Estas son non moi grandes, con edificios de cristal, acibeche e prata que brillan friamente, e grandes avenidas arboradas. As árbores máis comúns nestes belos bulevares son os romeus, que as fadas chaman alecríns e que para nós son tan só pequenos arbustos. Toda a moblaxe das casas é feita desta madeira e de ámbar. As preciosas flores destes alecríns de soterra son perennes, e o arrecendo perfecto das carnudas follas enche toda a caverna. Son moi poucos os humanos que puideron fruír esta visión e olfacto deleitosos.

FADAS CON ÁS

As nosas fadas son fermosas, tentadoras, cristalinas... pero non sabemos se boas ou malas. Nos contos hai de todo, dende a Raíña das Neves, fría e egoísta, até Titania, poderosa e forte.



No medio están os contos clásicos europeos e, como non, Disney e Pixar.




COVAS



Na súa proposta, Nuria parte da idea inicial de fada que *“esperta paixóns tumultuosas nos que a ven, xeralmente preadolescentes que non desexan medrar máis”*.




Pero abandona a idea para centrarse nas propias fadas.



Ten unha idea fabulosa: as calidades cristalinas e transparentes serán obxectos de vidro!

Así queda a cova, en tres versións para elixir:





A



B



C

A proposta de Merche arranca do entorno no que as fadas se moven, o bosque.



Hai probas de vestidos, pero...



3

QUIRÓN DE NAVIA

Quirón de Navia era un **podente labrador** e gran cabaleiro que enchía a entrada dunha feira posto enriba da súa besta, nunha man as rendas e na outra, apoiada con gracia na cadeira, fina vara de carballo con moita **zocha** pendurada do pulso por correa ben trenzada.

zocha 



Plural: zochas

- 1 *s f* Avultamento dalgunhas árbores no pé.
- 2 *s f* Tronco grosso que se pon na lareira para que o lume non se apague.

Sendo xa de cincuenta anos de idade, un desgraciado accidente non deixou outra saída ca **cortarlle as pernas** a rente para salvarlle a vida. Mandou chamar por Campio de Muñís, o mellor menciñeiro e cirurxián práctico da comarca. Falado o asunto e postos de acordo, o señor Campio puxo mans á obra, e despois dunha longa operación levada a cabo **sen máis anestesia ca tres botellas** de país (dúas delas mesturadas con avea), Quirón de Navia **quedou cosido ó lombo dun cabalo** capado de oito anos que se chamaba Marelo.

A convalecencia foi curta. Tan afeito a cabalgar estaba Quirón, e o Marelo tan afeito a ser por el cabalgado, que as afinidades adquiridas no longo trato alonxaron todo risco de rechazo. Mes e medio despois do accidente, Quirón de Navia **fixo a súa entrada triunfal na mitoloxía** e na feira de Becerreá.

OS CENTAUROS

Centauro

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.


Para outras páxinas con títulos homónimos véxase: Centauro (homónimos).

Na mitoloxía grega, os **centauros** (en grego Κένταυρος *Kéntauros*, «matador de touros», «cen fortes», plural Κένταυροι *Kéntauroi*; en latín *Centaurus/Centauri*) son unha raza de seres co torso e cabeza de humano e o corpo de **cabalo**. Vivían nas montañas de **Tesalia** e eran fillos de **Ixión**

Quirón foi notable en toda a mitoloxía grega pola súa natureza de coidador da xuventude. As súas habilidades pessoais tenden a coincidir coas do seu pai adoptivo **Apolo**, quen ensinou ó xove centauro a arte da medicina, as herbas, a música, o tiro con arco, a caza, a ximnasia e a profecía, e fíxoo elevarse por enriba da súa natureza bestial.^[4] Quirón era coñecido polos seus coñecementos e a súa habelencia na medicina, e a el atribúeselle o descubrimento da botánica e da farmacia, a ciencia das herbas e a medicina.^[5]



OS CENTAVROS





Xaquín traballou con varios Quiróns: un primeiro máis descritivo, coa feira como referente.





Buscou outras técnicas:



Simplificou :



E chegou á esencia. Temos un artista da narración gráfica.



4

OS MUSMUSUSMOS

Os musmususmos son os individuos dunha tribu chamada Amros (ou Amaros, co “r” vocálico desenvolvido en “ar”, como quere a evolución das linguas célticas). Viven nas trabes e detrás delas, e dedícanse moito ó pracer de contarlles ós nenos historias subversivas. Fala deles Paco Martín.

Antes habitaban ó aire libre e eran moi celebrados na elucubración matemática. De noite albergábanse nos carballos ocos, que tamén se poden chamar carrouchas. Mantiñan moi boas relacións coas coruxas máis sabias, e gustaban de dilucidar con elas enigmas metafísicos por redución ó absurdo. Tamén se levaban ben cos osos que noutrora poboaban a nosa Terra, e compartían o escasísimo mel que os enxames bravos producían.

Cando chegaron os humanos a Galicia, como estes eran de excesivo tamaño para as súas forzas e de demasiada agresividade para a súa filosofía, fixeron unha discreta retirada cara a un espacio que ocultaron por medio dunha paradoxa xeométrica. Non obstante, como na súa natureza impera a curiosidade, decidiron deixar un acceso ó mundo de nós a través dos cumiais das moradas, fosen estas feitas como fosen, con tal de que formasen algo semellante a un ángulo. Desgraciadamente, non previron o cemento como material de construción, e nos teitos sobre placa non teñen paso.

Ultimamente adoptaron o traxe nacional dos galegos. Fan moita amizade cos nenos humanos, pero córtana radicalmente en canto estes chegan ós trece anos, de tal maneira que a memoria desa amizade vaise esvaecendo despois, e a partir dos catorce é raro o rapaz que os recorda, non sendo coma un soño.

PUFF, THE MAGIC DRAGON...

Na canción de Peter, Paul & Mary, os dragóns só viven mentres o neno quere xogar con eles.


https://www.youtube.com/watch?v=Qu_rltLPTXc

Os nosos musmususmos cumpren o mesmo papel.

PACO MARTÍN

Inventor do Sr. Lamote e do Reparante, un parente do gatipedro de Cunqueiro e morador dos libros da Casa Grande. O raro animal, que aparece cada 696 anos, fala en chairego antigo, polo que o primeiro que dixo ao espertar con Lamote foi: "pauca iente vido".

A PROPORCIÓN




NAS RIBAS DA infANCIA

Allariz, maio 2019
IES Celanova CEF
Debuxo Artístico 2º Bacharelado



NENOS ILUSTRADOS



Les paroles prononcées par sa maman au-dessus du berceau
avaient beaucoup marqué le bébé-Jo.
Elle l'appelait "mon garillon, mon babouin, mon sapajou",
en se penchant chaque soir pour l'embrasser.
Voilà pourquoi cette idée s'était glissée dans sa tête
comme une feuille dans une enveloppe ouverte
et avait, par la suite, formé sa pensée et ses gestes.
Il faut avouer que Jo n'était pas un garçon fort joli,
avec ses longs bras et ses cheveux hirsutes.



© Barcelona Cultura

www.bcn.cat/barcelonacultura

B BARCELONA
CULTURA

NENOS PINTADOS






NENOS ANIMADOS



TRABES E TELLADOS



Marta imaxina. O neno tamén!



Crea ambiente e resolve a composición.



E remata nesta deliciosa proposta!



5

OS XIGANTES

Dos xigantes verdadeiros sábese pouco. Entre nós, a máis famosa persoa desta raza foi Dona Alba, que era grandísima e moi fermosa, tanto que ó parecer tódolos homes se namoraban dela e lle facían mil pequenos servicios. A outra cousa non podían aspirar, pois o tamaño normal dun home sería a penas o que ela esixiría, dispensando, para certa parte do varón que a namorara.

Pola Terra Cha viña moitas veces, sempre coa cesta da merenda na man, e comía mentres conversaba recostada canda os seus admiradores. Unha vez, pedida por estes, que temían que un día non volvесе máis e non lles quedase ningún recordo seu, trouxo tamén na cesta dous callimbros que despois de merendar deixou no lugar que en memoria súa chamamos Donalbai.

Un era de ouro e outro de alcatrán. Agora xa hai moito que Dona Alba non vén. Os coios que deixou foron mudando e igualando o seu aspecto, e hoxe chamámoslles Penas de Rodas. Ó redor deles faise unha famosa romaría.

XOGAR

COA DESPROPORCIÓN DAS PARTES

COA COMPARACIÓN

COA PARTE POLO TODO


XIGANTES AMABÉIS



XIGANTES MENOS AMABÉIS





XIGANTES EGOÍSTAS



XIGANTES DE CINE



Temos tres propostas para a nosa xiganta. A primeira en chegar foi a de Manuela, que usa a parte polo todo para que imaxinemos o tamaño. Centra a mirada na cesta na que trae a merenda e os callimbros.






A segunda, de Merche, fíxase nos coios:





A terceira, tamén de Merche, segue a xogar coas pedras pero xa como complemento:





6

KALAIKIA

No cume do monte Pindo hai unha cidade que se chama Kalaikía e que habitan os deuses. Téñena oculta por artes máxicas, como é costume nestes casos, e só nos días de néboa, cando cren que ninguén ousará subi-lo monte, se atreven a mostrarse ó sol que no cume raiola case sempre.

Antes, os deuses saían dela con frecuencia e interviñan nos asuntos humanos, pero desque os galaicos se fixeron ateos, segundo noticia verazmente Estrabón (aunque nou-tro lugar se contradí inexplicablemente), empezaron a amosarse cada vez menos ata chegar ó seu actual e case definitivo isolamento.

Viviron moito tempo en monarquía baixo a férula de Endovélico (que hoxe se adica á xardiñería), pero xa no noso século XVIII estableceron unha república igualitaria e comunista. Actualmente están presididos por Reva, deusa menor que outrora tiña unha casa de campo xunta un regueiro da Limia, e que xa foi elixida outra vez no século pasado.

A pesar do seu aborrecemento dos humanos, no trinteseis deron asilo político e axuda solidaria ós fuxidos do fascismo que se acolleron a aqueles rosados penedos.

No máis alto da cidade hai unha harpa eólica que pasa por se-la máis grande e sonora do mundo.

OS DEUSES DO (OLIM)PINDO



As Kalaikias de Consuelo



A Kalaikia de Xaquín, cun chisco doutros moradores, ten harpa e transporte público!




7


CASAS MARABILLOSAS

Unha casa pode estar labrada no interior dun penedo, en varios niveis, e non se ver por fóra, porque as fiestras aproveitan as regandixas naturais da pedra. Estará no medio das árbores pero preto da estrada, e o seu autor e dono terá quizabes unha estatua en Moscú (cousa que saberán moi poucos, pois é home calado).

Outra, máis vistosa pero igualmente secreta, pode estar nunha **mesta fraga**. Os cristais das ventás estarán decorados con hedras e flores ó **estilo modernista ou art-decó**. As paredes estarán cubertas de espellos. Ten o inconveniente de se hai por alí **carneiros ou cabróns**, animais moi afeccionados a turrar en contra da súa propia imaxe. Convén falar cunha aseguradora e suscribir —se traga o anzol— unha póliza contra o risco de rotura de vidros.

CASIÑAS DE CONTO





E CASAS DE VERDADE!



Galicia Máxima

E CASAS DE VERDADE!



Víctor aporta, para rematar, a súa casa maravillosa camuflada no bosque, con vidreiras tatuadas de fentos.



E X A !

Non se pode dicir que lle fixeramos moito caso ás restricións propostas, pero non importa. Hai creatividade, hai ganas de facelo ben e pode haber tardías pero exitosas carreiras como ilustradores!

Todo o material na Aula Virtual “DEBUXO ARTÍSTICO RECURSOS” na que podedes entrar como convidados, directamente ou a través da web do IES CELANOVA.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescelanova/aulavirtual/course/view.php?id=48>

<https://iescelanova.gal/>

E máis cousas de interese no blog da biblioteca:

<http://bibliotecapoleiro.blogspot.com/>

Isidora Gil

isidoragil@edu.xunta.gal

